

REQUISITOS DO VOTO POR CORREO

Solicitarase do 10/09/2019 ao 06/10/2019 e, segundo o artigo 36 dos nosos Estatutos, estará suxeito aos seguintes requisitos:

- a) O elector solicitará da secretaría do Colexio, a partir da convocatoria e ata o quinto día anterior ao da votación, un certificado de inscrición no censo.
- b) A solicitude deberá formularse persoalmente ou por medio dunha persoa debidamente autorizada para representalo.
- c) O Secretario do Colexio comprobará a identidade do solicitante e, de ser o caso, a do representante, así como a autenticidade da representación e, logo de comprobar a inscrición no censo, expedirá o certificado solicitado, realizando a anotación correspondente, co fin de que o día das eleccións non se realice o voto persoalmente.
- d) Tan pronto como estivesen dispoñibles, o Secretario do Colexio remitiralle ao elector ao domicilio por el indicado ou, no seu defecto, o que figure no censo, as papeletas e os sobres electorais xunto co certificado mencionado no apartado anterior.
- e) O elector introducirá a papeleta de voto cuberta no sobre de votación e pecharao. Incluirá o sobre de votación e o certificado no sobre dirixido á Mesa, e remitirallo por correo certificado.
- f) O Secretario do Colexio conservará ata o día da votación toda a correspondencia electoral e trasladaralla á Mesa electoral á hora en que teña lugar o comezo das votacións. Así mesmo, seguirá dando traslado da que poida recibirse ata finalización das votacións.